

A MATERIA E A ENERXÍA

A materia pódese encontrar en tres estados diferentes: sólido, líquido e gasoso.

A materia pode cambiar de estado se se quenta ou se arrefría.



Que lle ocorre ao xeo cando quece? Completa as seguintes oracións.

líquido

gasoso

sólido

O xeo é auga en estado ; se quece pasa a estado . Ao quecer máis, esa auga líquida pasa a estado .

2º

Que lle ocorre ao xeo cando quece? Escribe V (verdadeiro) ou F (falso) segundo corresponda.

- ☐ Cando quece, o xeo transfórmase en auga líquida.
- ☐ Cando quece, o xeo transfórmase en vapor de auga.
- ☐ Cando quece, o xeo pasa de estado sólido a estado líquido.
- ☐ Cando quece, o xeo pasa de estado sólido a gasoso.



A materia que serve para facer obxectos chámase **material**.
Son materiais a madeira, o metal, o vidro...

Cada material ten unhas propiedades diferentes. Poden ser:

Segundo
a orixe, os
materiais poden
ser naturais
ou artificiais.



Duros ou brandos

Segundo a facilidade
para deformarse.

Ríxidos ou flexíbles

Segundo a facilidade
para dobrarse.



Lisos ou rugosos

Se teñen engurras, asperezas
ou dobras, ou non.



Rugoso



Liso

Transparentes, translúcidos ou opacos

Se deixan pasar máis ou menos a luz.



Transparente




Translúcido



Opaco

3º Atendendo ás propiedades, como é o aceiro? Pensa e marca.

☐

resistente

☐

flexible

☐

elástico

☐

transparente

☐

opaco

☐

fráxil

4º Le e risca en cada caso as opcións incorrectas.

- Un material que se dobra con facilidade é un material:

ríxido

flexible

fráxil

- Un material que recupera a súa forma é un material:

opaco

resistente

elástico

- Un material que rompe con facilidade é un material:

fráxil

resistente


ríxido



5º Con que materiais fabricarías estes obxectos?
Escribe e explica por que.



• Un garfo:



• Unha ventá:




• Unha camiseta:

6º Escribe polo menos dúas propiedades de cada un destes materiais.



cristal



aceiro

7º Sinalaas palabras que describen propiedades dos materiais.

resistente

automático

fráxil

agudo

ruidoso

transparente

elástico

flexible

8º Sinala en cada caso o obxecto que está cheo de aire.



A materia ten **enerxía**. Grazas á enerxía funcionan as máquinas, temos luz, quecemos...

A enerxía nótase de moitas formas.



Obtemos a enerxía de fontes como o sol, o gas, etc.

Hai dous tipos de fontes de enerxía:

Renovables

Non se gastan porque se van renovando.
Como o sol, o vento...



Non renovables

Vanse gastando porque non se poden renovar.
Por exemplo, os combustibles como o gas, o carbón, o petróleo...



9º

Escribe cada fonte de enerxía no seu lugar.

sol vento petróleo carbón gas

Renovables

Non renovables